



Novembro 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

A Xunta recorta o 50% nas Indemnizacións Compensatorias

O SLG pediu a comezos de novembro unha reunión coa Consellería de Política Agroalimentaria para tratar o recorte das Indemnizacións Compensatorias de Montaña e Zonas Desfavorecidas, que está a ser do 50%. Se a Xunta non soluciona isto, dende o Sindicato Labrego anuncian mobilizacións. **Páx. 6**

■ Aldea Global

O Goberno incapaz de solucionar a crise pola suba do gasóleo

Outubro foi un constante tira e afrouxa entre o Ministerio de Agricultura e as organizacións agrarias para tentar chegar a un acordo, sen éxito, sobre as medidas a tomar para paliar a crise provocada pola suba constante no prezo do gasóleo. **Páx. 9**

■ Muller

Mulleres labregas de todo o Estado reúnen en Cantabria

Unha representación de labregas do SLG participou nas xornadas de mulleres de Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), entre o 15 e o 17 de outubro, que este ano se celebraron en Torrelavega (Cantabria) baixo o lema "Labregas cara á paridade". **Páx. 12**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º, Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

Publicación subvencionada por:



Política Agroalimentaria deixa ás explotacións galegas sen cota do Fondo Lácteo Estatal

■ A Consellería negouse a abrir a convocatoria en Galiza para que as explotacións lácteas puidesen solicitar cota do Fondo Estatal, rematando o prazo o 15 de outubro.

■ Trátase do primeiro tropezo do novo Conselleiro que, alomenos, vai dar para adiante a unha das reivindicacións históricas do SLG: a eliminación das cámaras agrarias. **Páx. 5**



Medio Ambiente oculta o 45% da superficie total queimada nos montes galegos

As investigacións levadas a cabo por membros do Comité en Defensa do Monte Galego veñen de descubrir que son falsos os datos facilitados pola Xunta sobre a superficie queimada por lumes forestais. Analizando varias zonas devastadas por incendios

descubriuse que Medio Ambiente realizou un redondeo moi á baixa para maquillar as estatísticas. Fouce recolle o informe referente a este descubrimento e afonda nun dos factores que propician os lumes: a forestación de terras agrarias. **Páxs. 2 e 3**

A Comisión Europea autoriza comercializar un novo transxénico

Semella que a Comisión Europea estase a converter no coadiroiro para os transxénicos na Unión. Cando no Parlamento ou nos consellos de ministros non se chega a un acordo -Europa está dividida no tema dos OXMs e ese acordo é imposíbel-, a Comisión, que ten que tomar a decisión final, sempre volve polos intereses das multinacionais. En outubro a escea repetiuse e autorizou o millo NK 603 para alimentación animal e humana fabricado por Monsanto. E con este xa van 17 os OXMs permitidos. **Páx. 11**



AVISO

Ante o inxustificado recorte que están sufrindo as axudas das Indemnizacións Compensatorias de Montaña e Zonas Desfavorecidas, dende o Sindicato Labrego Galego recomendamos que @s afectad@s recurran para cobrar todos os cartos a que teñen dereito. Para iso, poden pasar por calquera oficina do SLG, onde serán asesorad@s.

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescuela Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf. 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf. 982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO
Antigo centro de saúde.

Medio Ambiente oculta o 45% da superficie forestal queimada

Un informe do Comité en Defensa do Monte Galego demostra que a Xunta minte ao informar dos incendios

Se a finais deste verán a cidadanía galega vía arrepiada as cifras da superficie de monte queimada polos incendios no 2004, 30.000 hectáreas segundo os datos oficiais, hoxe ten razóns para estar moito máis preocupada.

Un informe do Comité en Defensa do Monte Galego vén de descubrir que a terra arrasada é un 45% superior á que di a Xunta, o cal pode significar que esteamos a falar de 43.500 hectáreas. O peor é que no 2003 tamén mentiu.

O Comité en Defensa do Monte Galego realizou un estudio sobre o terreo no que elixiu, ao azar, doce incendios forestais para comprobar cantas hectáreas foron afectadas, e comparalas cos datos oficiais da Xunta.

O resultado é estarrecedor: das sete áreas analizadas que arderon no 2004 despréndese que a Xunta de Galicia ocultou ao redor do 45% da superficie queimada, é dicir, que mentres oficialmente se dixo que arderon 30.000 hectáreas; unha análise a fondo revela que poderían ter ardido ata 43.500.

O peor é que algo semellante sucedeu no ano 2003, do que se analizaron cinco zonas arrasadas con idénticos resultados. Nesta ocasión, se as cifras oficiais falaban de 19.834 hectáreas queimadas, a realidade podería ascender a 29.000 hectáreas; de novo ocultaron o 45% da terra ardida.



Lidia Senra puido comprobar sobre o terreo o falseamento de datos de Medio Ambiente

Incompetencia e mentiras

Para o Comité en Defensa do Monte Galego, "a ocultación de datos é unha fin dos políticos responsábeis da Consellería de Medio Ambiente para evitar as críticas e responsabilidades que deben de asumir pola súa manifesta incompetencia, desleixa e falla de visión".

O Comité responsabiliza das mentiras e da manipulación aos políticos e, en concreto, acusa á Consellería de Medio Ambiente de ser "o organismo medioambiental da Unión Europea máis politizado na súa estrutura.

Tamén aclarou o Comité que "os funcionarios públicos, profesionais medioambientais -axentes e técnicos forestais- non agachan a realidade, e realizan as valoracións de forma real".

Diante de todo isto, o Comité conclúe que "a ocultación da realidade é, ademais dun insulto ao conxunto da sociedade, un insulto a todo o persoal da loita contra o lume -brigadas de extinción, vixiantes, condutores, técnicos e

	Cifras oficiais (en hectáreas)	Cifras reais (en hectáreas)	Diferencia (porcentual e en hectáreas)
Carballeda de Valdeorras (Ourense) 24 de xullo de 2004	450	998	54'9% (548 hectáreas máis)
Ribas do Sil (Lugo) 31 de xullo de 2004	335 (en Ourense)	1.500 (683 en Lugo e 817 en Ourense)	58% (482 hectáreas máis, en Ourense; sen datos de Lugo)
Bande e Rairiz de Veiga (Ourense) 2 de agosto de 2004	60	112	46% (52 hectáreas máis)
Penas, Morgade e Voador (Xinzo de Limia, Ourense) 25 de xullo de 2004	240 de mato e 10 de arborado	297, con 89 de bosque autóctono	20% (57 hectáreas máis)
Baños de Molgas e Xunqueira de Ambia (Ourense) 26 a 31 de xullo	380	627	39'3% (247 hectáreas máis)
Paderne de Allariz e Baños de Molgas (Ourense)	250 de mato e 50 de arborado	675 (máis da metade de arborado)	55% (375 hectáreas máis)
Saviñao (Lugo)	Sen datos oficiais	2.500 (700 arboradas)	

O cadro amosa un resume das superficies ardidas en 2004 investigadas polo Comité

axentes forestais, etcétera- que de forma cotiá dedican un grande esforzo e incluso arriscan a súa vida para defender o patrimonio natural dos galegos e galegas".

Dende o Comité en Defensa do

Monte Galego comprometéronse a emprender accións para que se investigue a superficie arrasada e os danos medioambientais e económicos producidos nos últimos anos polos incendios forestais.

O 65% das plantacións forestais fixéronse en zonas clasificadas con risco de incendio

Parte do problema dos lumes de Galiza pódese explicar pola política forestal seguida pola Xunta de Galiza, totalmente baseada nas directrices marcadas dende Bruxelas coa Política

Agraria Común (PAC). A Xunta, nos últimos anos, dedicouse a promover plantacións masivas de eucalipto e piñeiro sen ningún tipo de control nin regulación, o que nos levou a perder o

10% da nosa superficie agraria útil e a pór en perigo numerosos núcleos de poboación que se vén invadidos por plantacións de árbores que, en caso de arder, fan perigar vidas humanas.

A reforma da PAC de 1992 destinou unha boa cantidade de fondos económicos para apoiar tres eidos da agricultura: a reforestación de terras agrarias, os cesamentos anticipados e o apoio a medidas de tipo agroambiental. Posteriormente, en 1999, engadíriase un cuarto apartado: as axudas a zonas desfavorecidas de montaña.

Dependía do goberno de cada zona a distribución deses cartos. No caso galego, a Xunta centrouse case en exclusiva na reforestación de terras agrarias, condenando a Galiza a unha parálise nas súas capacidades produtivas en agricultura e ganadería. Así, deixouna sen 68.896 hectáreas de terras nas que se plantaron eucaliptos e piñeiros, o cal supón o 10% da superficie que se viña dedicando tradicionalmente a usos agrícolas e gandeiros. E todo en pouco máis dunha



A desastrosa política forestal da Xunta favorece os devastadores efectos dos incendios

década.

Pero a Xunta non só lle negou os fondos ao apoio aos ceses anticipados ou a promover a posta de medidas agroambientais nas explotacións, senón que a súa incompetencia levouna a

perder, entre 1992 e 1999, o 59% dos 156 millóns de euros que Bruxelas lle deu para investir.

A Unión Europea pretendía, co impulso á reforestación de terras agrarias, solucionar o déficit na pro-

ducción de madeira existente en Europa, ao tempo que ficaba o grande peso da produción láctea en países como Holanda ou Alemaña.

Visto o visto, a nefasta xestión do PP levaba as trazas de ir encamiñada a

converter a Galiza nunha xigantesca plantación de eucaliptos e piñeiros, transformando as praderías e leiras en monte.

Aínda que se reforestaron 68.896 hectáreas, as cifras quedaron lonxe das pretensións iniciais da Xunta, que pretendía plantar 291.755 hectáreas co Plan Forestal de Galiza de 1992, e 102.509 co Plan Español de Forestación de Terras Agrarias a partires do 2000.

Resultados e intencións non deixan de ser unha clara mostra do pouco interese que sempre tivo a Xunta en potenciar explotacións labregas con diversidade de producións en réxime extensivo.

Pola contra, con este tipo de políticas potenciáronse industrias madeireiras que abasteceron ás celulosas dunha materia prima moi barata en cartos, pero carísima dende o punto de vista ecolóxico e medioambiental.

Galiza ten só un 20% de solo agrario, mentres que Francia e Alemaña teñen o 40%

O resultado final da política de reforestación da Xunta foi o dun grande fracaso. Co prezo da madeira de eucalipto polo chan, a produción forestal resulta insuficiente para manter poboación no rural; as explotacións de tipo labrego, que si podían facelo, foron sempre marxinas, de aí o panorama actual.

Vexamos, con algúns datos oficiais, a situación do agro galego e da terra agraria:

■ En Galiza, a participación do sector agrario no Produto Interior Bruto (PIB) pasou do 12'9% en 1975, ao 6% en 1995, e ao 5'2% en 2000.

■ Na última década, o em-

prego agrario caeu en Galiza á metade pola desaparición do 50% das explotacións agrícolas e gandeiras.

■ O peche de explotacións non favoreceu o transvase de terras. Entre 1993 e 1997, 113.295 hectáreas de explotacións que pecharon pasaron a outras activas, pero 76.378 hectáreas quedaron abandonadas.

■ A superficie agraria útil reduciuse un 13'5% entre 1987 e 1993. En 1998 representaba o 28% da superficie da comunidade; hoxe rolda o 20%. Nembargantes, en países avanzados como Francia, Alemaña ou



A proliferación descontrolada de plantacións de eucalipto está a minugar a superficie agraria

Estados Unidos, a superficie agraria útil supera o 40%.

■ O prezo da terra en Galiza ocupa o cuarto lugar entre

os máis caros do Estado, por detrás do País Vasco, Canarias e Valencia. Os valores medios son de 14.028 euros

para a hectárea de secano, 6.381 para pastos, 46.464 para viñedos, e 24.836 para as terras de regadío.

editorial***A proposta do SLG para as cámaras agrarias***

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remítunos un borrador sobre o anteproxecto polo que se derroga a lei na que establece o réxime xurídico das cámaras agrarias.

O anteproxecto contén un único artigo polo que se derroga, sen máis, a Lei de Bases de 1986. Con isto, ábrese a posibilidade de que cada comunidade autónoma poida legislar o procedemento para medir a representatividade das organizacións profesionais agrarias. De feito, esta é a única función de peso que veñen tendo as cámaras agrarias provinciais, dado que as funcións de representación, reivindicación e negociación en

defensa dos intereses profesionais e socioeconómicos dos labregos e labregas son cuestións que corresponden aos sindicatos do agro.

O anteproxecto de lei mantén a representatividade derivada das últimas Eleccións a Cámaras Agrarias, até que se estableza un novo mecanismo de medición da representatividade das organizacións sindicais.

A nivel galego, os tres sindicatos agrarios que obtivemos representación nas eleccións a cámaras agrarias en Galiza o 26 de Maio de 2002, -Sindicato Labrego Galego, UU.AA. e XX.AA., levamos tempo negociando coa Xunta de Galicia o establecemento dun marco pro-

prio de representación, que ben puidera ser o chamado Consello Agro Gandeiro de Galiza. Nesta cuestión seguimos traballando.

O Sindicato Labrego Galego avogou, no seu momento, pola eliminación desta lei de bases diante da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e pola necesidade de establecer un marco xurídico propio. Isto plasmouse na petición da Xunta á Administración Central de proceder á eliminación da Lei de Bases de Cámaras Agrarias.

A nivel estatal queda pendente que se dicten as normas que rexerán a representatividade das organizacións profesionais no futuro diante do Ministerio de

Agricultura. É unha reivindicación histórica do Sindicato Labrego Galego o seu dereito como organización sindical agraria de ámbito galego de poder ter capacidade de interlocución e negociación para os asuntos que afecten a Galiza en Madrid.

Emporiso, na normativa que se estableza no futuro, deberán fixarse os criterios de representatividade que posibiliten que unha organización de ámbito galego coma o Sindicato Labrego, que acadou practicamente o 25% dos votos nas Eleccións a Cámaras Agrarias de 2002, teña recoñecemento como organización representativa a nivel estatal.

Nestes últimos tempos, os labregos e labregas estamos a pagar o gasóleo agrícola a prezos históricos, por altos que non por baixos. Diante desta situación, que vén sendo así xa dende o primeiro semestre de 2004, o Sindicato Labrego Galego ten presentado unha serie de propostas fiscais que conducirían definitivamente á obtención dun prezo social ou profesional para o gasóleo agrícola. Pero o goberno do Estado parece que non entende que estamos diante dun problema estrutural e dedícase a propoñer medidas puntuais e temporais que non van acadar o obxectivo de ter un gasóleo agrícola cun prezo razoábel a longo prazo, medida que permitiría unha estabilización dos custes de produción.

O problema é estrutural por varios motivos. Vexámoslos a continuación.

Porque estamos falando dun contexto xeneralizado de suba dos custes de produción para as explotacións agrogandeiras galegas (racións, sementes, adubos, fitosanitarios, traballos externos, etcétera). Todo isto está comprometendo a viabilidade das nosas explotacións porque os labregos e labregas non temos capacidade para trasladar estas subas nos custes aos prezos aos que vendemos as nosas producións, condicionados como estamos pola presión da agroindustria, a distribución e a rixidez dos prezos oficiais de intervención establecidos pola PAC. Tendo en conta, ademais, que a renda agraria en Galiza supón entre un 60% e un 70% da renda media da economía, calquera incremento dos custes de produción pon en perigo o futuro de milleiros de labregos e

A voltas co gasóleo agrícola

por Xoán Monasterio

labregas.

É tamén estrutural porque o petróleo é unha enerxía non renovábel, e polo tanto limitada. Neste senso, parece ser que as reservas que había estimadas son menores das

que existen en realidade. Se a isto lle engadimos un modelo de desenvolvemento económico altamente dependente dos combustíbeis fósiles e baseado na dilapidación e no consumismo salvaxe, estamos diante dun fondo problema enerxético que xa nos está afectando e que promete ser -sen sermos agoireiros- moi grave.

Diante disto, o Goberno non está a tomar as medidas que posibilitarían que o que recibimos polo que vendemos cubra custes de produción e do noso traballo. Non se queren meter a garantir uns prezos mínimos para os nosos produtos. Non queren nin escoitar falar de reducir os impostos que gravan o gasóleo agrícola para así obter un prezo social e sostiúdo no tempo; impostos, por outra banda, que son moi inxustos, dado que son indirectos. Paga igual o rico que o pobre.

E seguiremoslle botando a culpa aos países asiáticos emerxentes, que non deben ter o mesmo dereito ca nos a desbaldar, pechando os ollos a unha realidade que se traduce nos multimillonarios beneficios do oligopolio petrolero (Repsol e compañía), e nun modelo económico que, tarde ou cedo, rematará por estoupar. En fin, unha auténtica tolería.

Pensamos que as propostas que se fixeron dende o Sindicato Labrego Galego son razoábeis, posíbeis e necesarias. Agora so falta a vontade política de executalas.



Política Agroalimentaria renuncia á cota láctea do Fondo Estatal

A Consellería deixou expirar o prazo sen convocar ás explotacións galegas que quixesen producir máis

As primeiras accións destacábeis do novo Conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes, trouxeron unha de cal e outra de area. Por unha banda, a Xunta non convocou ás explotacións lácteas galegas para que solicitasen cota do Fondo Estatal, coma se os tempos estivesen para renunciar a ampliar, aínda que fose minimamente, os nosos dereitos de produción. A boa nova é que por fin a Xunta semella ter intención de facer caso a unha das reivindicacións históricas do SLG: suprimir as cámaras agrarias provinciais.

O Sindicato Labrego Galego foi a única organización agraria que denunciou publicamente o "despiste" da Consellería de Política Agroalimentaria, que non publicou a orde para que os gandeiros e gandeiras de Galiza puidesen solicitar cota láctea do Fondo Estatal, cun prazo improrrogábel marcado polo Ministerio de Agricultura que expirou o 15 de outubro.

Se isto xa era de por si criticábel, a actitude da Consellería rizou o rizo, pois declarou a un xornal de ámbito nacional que as denuncias do Sindicato Labrego Galego "carecen de sentido, por canto a orde está convocada e en vigor en Galiza dende que a publicou o Ministerio de Agricultura".

Dende logo, a lei quíttalle a razón á Xunta e evidencia a falsidade das súas declaracións.



MINISTERIO DE AGRICULTURA

O novo Conselleiro estrenouse coa perda dos dereitos do Fondo Lácteo Estatal para o 2004

Aínda que os dereitos ofertados eran misérrimos, Galiza non pode rexeitalos

É de supor que o novo responsábel da Consellería foi vítima da súa pouca experiencia no cargo. Emporiso, o SLG lembroulle a Santiso Miramontes que o Real Decreto 347 / 2003 do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota láctea, di no seu artigo 30 que a convocatoria e tramitación para a venda de cota do Fondo Estatal lle corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas.

É dicir, que a Consellería tiña a obriga de dar a orde en Galiza coa publicación dunhas bases para poder realizar a solicitude, o establecemento de baremos para concedela ou, en caso de que quixera eludir ese traballo, remitíndose á orde ministerial. A pesar de todo, Política Agroalimentaria non fixo nada diso. É máis, en diversas axencias de Extensión Agraria informouse aos gandeiros e gan-

deiras interesados en ampliar a súa cota láctea de que este ano a Xunta non ía ofertar a posibilidade de facer solicitudes ao Fondo Estatal.

Cómpre dicir que a cota ofertada polo Ministerio de Agricultura na Orde APA 2727 / 2004 de 26 de xullo é de miseria: 7.938 toneladas a 39 céntimos por litro. Nembargantes, esa non é xustificación suficiente como para que Política Agroalimentaria renuncie a ela, sobre todo se temos en conta que Galiza, sendo a comunidade que máis explotacións lácteas ten do Estado -máis do 50%-é, proporcionalmente, a máis deficitaria no reparto dos dereitos de produción, con menos dun tercio.

Unha burla para o sector lácteo galego

A nova Consellería de Política Agroalimentaria cometeu, xa que lo-

go, unha irresponsabilidade ao privar a algunhas explotacións lácteas galegas de ampliar a súa cota para garantir a súa viabilidade, e demostrou así, unha vez máis, a súa máis absoluta incompetencia para traballar en prol dos intereses labregos.

En calquera caso, o novo Conselleiro non empezou con bo pé o seu mandato. Para o SLG, nos tempos que corren, co peche de miles de explotacións lácteas cada ano en Galiza, non podemos renunciar a ningunha ampliación de cota por pequena que sexa.

Pero, quizais, o máis deplorable foi que a Administración, en troques de recoñecer os seus erros, xogase ao despiste burlándose dos labregos e labregas de Galiza que viven do leite e das organizacións agrarias que, democraticamente, os representan.

Santiso a favor da desaparición das cámaras agrarias provinciais

O pasado 18 de outubro o novo Conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes, mantivo o seu primeiro encontro coas tres organizacións agrarias galegas.

Por parte do SLG, acudiu ao encontro a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra. Por primeira vez, un conselleiro amosouse partidario de suprimir as cámaras agrarias provinciais para substituílas por un Consello Agro-Gandeiro Galego único. Esta é unha das reivindicacións históricas do Sindicato Labrego Galego.

De feito, Santiso puxo sobre a mesa o borrador dunha futura lei que disolverá as cámaras, e pediu as suxestións das organizacións agrarias para mellorar o texto.

O primeiro encontro coa Ministra

Como a lei que rexe as cámaras é estatal, a Xunta terá que enviar este borrador, unha vez que recolla as achegas dos sindicatos, ao Ministerio de Agricultura. Neste senso, o Conselleiro mantivo unha primeira reunión coa Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, na que se abordou este tema.

Para o SLG, a desaparición das cámaras e a creación dun Consello Agro-Gandeiro Galego é unha condición indispensable para que se poidan establecer o diálogo entre a Xunta e as organizacións que representan aos labregos e labregas de Galiza.

O SLG iniciará mobilizacións se a Xunta non atalla o recorte das ICM

As explotacións galegas situadas en zonas desfavorecidas poden perder o 50% das axudas compensatorias

O Sindicato Labrego Galego acaba de solicitar unha reunión urxente con responsábeis da Consellería de Política Agroalimentaria para abordar a problemática derivada do forte recorte que se está a dar nas Indemnizacións

Compensatorias de Montaña e Zonas Desfavorecidas. Segundo os datos recollidos polo Sindicato Labrego Galego, o recorte das axudas podería chegar ao 50%, o cal poñería en serias dificultades a moitas explotacións.

Para o Sindicato Labrego este recorte das ICM é inaceptábel, pois esta liña de subvencións é importantísima para conservar a poboación rural en zonas que, polas súas condicións orográficas ou climatolóxicas, teñen dificultades engadidas para realizar actividades agrarias e gandeiras. Sen as ICM moitas explotacións agrogandeiras, fundamentalmente nas provincias de Lugo e Ourense, terán que pechar as portas e cesar a súa actividade, agudizando aínda máis a desertización e desmantelamento do medio rural galego.

Dende o Sindicato Labrego Galego agárdase a boa disposición da Consellería de Política Agroalimentaria para poñer solución a este problema. Polo de agora, o SLG xa iniciou unha campaña de información e sensibilización entre



O recorte das indemnizacións compensatorias fará perigar a moitas explotacións extensivas

as persoas afectadas por este recorte das axudas.

En caso de que a Xunta

non dea unha resposta rápida e contundente para atallar a crise, o Sindicato

Labrego Galego está disposto a iniciar un proceso de mobilizacións.

O SLG asesora ás explotacións hortícolas da Coruña sobre trazabilidade

O SLG iniciou o 2 de novembro, en Arteixo, unha serie de charlas e cursos que están a ter por principal obxectivo informar sobre os sistemas de trazabilidade na produción hortícola.

A trazabilidade é o seguimento que se lle realiza a un produto dende a súa orixe ata que chega á cesta do consumidor, e a partir do 1 de xaneiro de 2005 entrará en vigor o regulamento 178 / 2002 da Lei de Seguridade Alimentaria, que pretende que os alimentos estean perfectamente identificados dentro da cadea de comercialización.

Dado que a aplicación desta lei vai implicar numerosos trocos no funcionamento das explotacións hortícolas, o SLG quíxose anticipar para que non colla desprevidos aos produtores e produtoras de horta da provincia da Coruña.

A actividade limítase a esta provincia porque se inscribe dentro dun convenio asinado coa Deputación Provincial, e está a chegar a municipios como Arteixo, Padrón, Pontedeume, Pobra do Caramiñal, Betanzos, Cambre, Rianxo, Carballo, Boiro ou Ordes.

Ovica lémbrale a Santiso que cómpre pagar xa as primas de ovino e caprino da PAC

A Asociación de Criadores e Ovino e Caprino de Galiza (Ovica) mantivo, o pasado 26 de outubro, un encontro co novo Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Antonio Santiso Miramontes. Á reunión asistiron a presidenta de Ovica, Araceli Pillado Salgado, e o técnico da asociación Luís Lamas.

Na xuntanza tratáronse un bo feixe de temas relacionados co sector como a creación de asociacións de defensa sanitaria específicas para o sector ovino, implicación da Administración para erradicar e controlar enfermidades específicas do ovino e caprino, ou medidas de identificación de individuos resistentes ao scrapie.

En canto a aspectos máis

relacionados co ámbito económico, os representantes de Ovica fixéronlle ver ao Conselleiro a necesidade de que exista un apoio institucional á comercialización de produtos derivados da cría de gando ovino e cabrún en Galiza ou potenciar actividades formativas. Outro dos puntos importantes deste apartado tivo que ver coa creación dunha liña de axudas específicas para o sector que cubran os custos derivados da transformación en praderías de montes veciñais, dos ataques do lobo e o xabaril, e da identificación electrónica dos animais.

Finalmente, tamén se lle fixo saber ao Conselleiro que urxía o pagamento inmediato das primas da Política



Os representantes de Ovica amosáronlle ao Conselleiro os principais problemas do sector

Agraria Común (PAC) ás explotacións de ovino e caprino, e a conveniencia de que Ovica formase parte do futuro Consello Agro Gan-

deiro Galego.

Polo de agora, o Conselleiro só manifestou verbalmente a súa intención de apoiar ao sector e de manter

un contacto continuado con Ovica para resolver problemáticas concretas que o sector demande de Política Agroalimentaria.

Alerta ante a suba de impostos que tran os Plans de Ordenación Municipal

Os galpóns, pendellos e cortes situados en solo de núcleo rural cotizarán coma inmóbeis urbanos

A nova Lei do Solo obrigará aos concellos a elaborar un Plan de Ordenación Urbana Municipal (PXOUM) antes de que remate o 2005. Estes plans traerán canda si a revisión ca-

tastral e recualificación urbanística de moitas parcelas, que pasarán a ser solo de núcleo rural. Así, coas novas leis, os galpóns, pendellos, cortes e terreos que cotizaban o Imposto de

Bens Inmóbeis (IBI) coma rústicos, terán que facelo a partir de agora como urbanos. O SLG esixirá que estes trocos non repercutan negativamente na economía das explotacións.

Nas reunións informativas que está celebrando o SLG polas diversas zonas de Galiza afectadas pola redacción de PXOUMs estase a constatar a preocupación de moitos labregos e labregas pola repercusión que vai ter nos impostos que pagan a entrada en vigor dun plan destas características no seu municipio.

Como é sabido, unha vez aprobado un PXOUM, procédese a revisar o catastro inmobiliario para adaptalo á nova realidade urbanística. O problema xurde, especialmente, no denominado "solo de núcleo rural" e as súas zonas de ampliación. O solo de núcleo rural é unha figura que só existe en Galiza, pola peculiar organización territorial que temos.

Ata 1998, o solo de núcleo rural estaba equiparado a efectos impositivos co solo rústico, de maneira que só se tributaba no Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) polas vivendas. Os sucesivos gobernos do PP -que como é sabido baixaron os



Cos plans de urbanismo, os pendellos en solo de núcleo rural terán que pagar impostos

impostos directos a costa de incrementar os indirectos, iniciaron unha reforma lexislativa que cambiou absolutamente esa situación. Así, dende a entrada en vigor da Lei 6/98 sobre réxime de solo

e valoracións, o solo de núcleo rural pasou a ser considerado como solo urbano a efectos de IBI de natureza urbana, é dicir, que acadan a cualificación de solares e, polo tanto, tributan coma se

estivesen nunha zona urbana. Iso si, supoñemos que aplicándolles coeficientes reductores, porque a edificabilidade é menor.

Aínda así, aparte dos solares, só pagaban con-

tribución urbana as casas, quedando exentas dela o resto das edificacións que estaban no núcleo rural. Por exemplo, as cortes e os galpóns, porque "as construcións de natureza rústica, edificios e instalacións de carácter agrario" estaban exentas de contribución urbana.

Nembargantes, a situación deu un novo xiro de rosca e, así, primeiro a través da lei 48/2002 do catastro inmobiliario, e despois a través do Real Decreto lexislativo 1/2004 polo que se aprobou o texto refundido da lei do catastro inmobiliario, cambiou substancialmente. Agora, o determinante non é a natureza do edificio, senón que "o carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do seu solo" (artigo 7 do RD lexislativo), de maneira que si unhas cortes ou calquera outro tipo de instalación agraria están en solo rústico, entrarán na valoración para pagar IBI rústica; e se están en solo urbano ou equiparable a el, pagarán contribución urbana.

Todo por mor dunha normativa que só concibe o rural como zona residencial

Todos estes trocos implican que, nos concellos onde se deseñe e aplique un PXOUM, acontecerá o seguinte:


- 1.- A suba da contribución urbana polas casas.
- 2.- Pagar polas leiras incluídas no perímetro do solo de núcleo rural e a súa zona de ampliación coma se fosen solares.
- 3.- Pagar contribución urbana todas as edificacións incluídas dentro do núcleo rural, sexan da natureza que sexan (cortes,

galpóns, cubertos, pendellos, etcétera).

As solucións a isto pasan por trocar a lei, por unha banda; e que as persoas afectadas aleguen cando un PXOUM lles recualifique as súas propiedades e inmóbeis para que non se inclúan como solo de núcleo rural, sempre e cando se queiran beneficiar da baixada no IBI. Esta situación é froito dunha norma que só concibe o mundo rural no seu aspecto residencial, ignorando outros usos.



O IBI sobre os galpóns pode supor un novo incremento nos custos da actividade agraria



**A maior
seguridade
para a súa
explotación**

Top Vacuno Plus

0 seguro das explotacións gandeiras



**Consulta as condicións nos locais do
Sindicato Labrego Galego**

www.groupamaplusultra.es



Groupama Plus Ultra

O Goberno é incapaz de dar saída á crise provocada pola suba do gasóleo

As principais organizacións agrarias do Estado consideran insuficientes as axudas anunciadas en outubro

O mes de outubro foi un constante tira e afrouxa entre as organizacións agrarias e o Ministerio de Agricultura para acadar unha saída negociada á crise que o sector agrogandeiro está a padecer por mor da suba no prezo do gasóleo. A última das roldas negociadoras, celebrada entre o 28 e o 29 de outubro, saldouse coa negativa de COAG a asinar os acordos propostos e a convocatoria de mobilizacións por considerar as medidas ofertadas polo Goberno como insuficientes. Trala ruptura de COAG, outras organizacións agrarias tamén se oporán.

A Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), xunto co Sindicato Labrego Galego (SLG), hai meses que vén reivindicando a creación dun gasóleo agrícola que non estea cargado de impostos coma o actual, conseguindo así unha medida permanente quen de minimizar os efectos que a suba do valor do petróleo está a ter sobre os prezos dos carburantes.

Paralelamente, o Ministro de Economía, Pedro Solbes, cansouse de dicir que o que pedían COAG e o SLG non era legal na Unión Europea. Iso fíxoo ata que o voceiro comunitario de Agricultura, Gregor Kreuzhuber, lle pechou a boca o 18 de outubro, cando declarou que a redución de impostos aos agricultores e agricultoras por mor da suba do gasóleo pode ser compatible coa lexislación comunitaria. De feito, en Francia xa se empezaran a tomar medidas a este respecto a comezos de outubro.

Así as cousas, e xa sen es-



A directiva de COAG na súa primeira reunión coa Ministra, antes do desencontro do gasóleo

cusas para non axudar ás explotacións agrogandeiras diante desta crise, o 21 de outubro presentaba a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, unha medida para axudar a paliar os efectos da

suba do gasóleo na economía agraria. Esa primeira axuda ofertada consistiu, simplemente, en dar catro céntimos por litro de carburante.

Evidentemente, unha axu-

da tan pobre non satisfizo a ningunha organización agraria, polo que a Ministra tivo que empregarse a fondo no deseño dun plan convincente que ofrecese solucións definitivas para o problema.

A única solución estábel consiste na creación dun gasóleo agrícola cun prezo social

Unha das principais críticas realizadas por COAG teñen que ver con que estas axudas son temporais, para compensar as rendas neste intre de crise, pero "sen dar resposta a unha cuestión grave e estrutural como é a banda de prezos na que, definitivamente, vén de instalarse o petróleo e, polo tanto, o gasóleo".

Dende logo, as medidas ofertadas están lonxe do que reclaman COAG e o SLG para o sector agrogandeiro: a creación dun gasóleo agrícola que teña un prezo social que compense as baixas rendas das profesións agraria. Isto pódese acadar aplicando as seguintes medidas:

■ **Exención do imposto especial de hidrocarburos** para o gasóleo utilizado nas actividades agrarias (páganse 0'079 euros por litro, 13'09 pesetas, por este concepto).

■ **Aplicación dun tipo reducido de IVE** para o gasóleo consumido polos profesionais agrarios de maneira que, en troques de aplicar o tipo actual do 16% (0'06224 euros por litro, ou 10'35 pesetas), se aplique o 7%.

■ **Supresión da taxa de hidrocarburos**, ou Imposto sobre Venda Minorista (IVM), que é de 0'006 euros por litro (1 peseta).

Diante desta situación, COAG convocou unha manifestación o 12 de novembro en Madrid, acto que apoiará o SLG, para reivindicar unha demanda xusta que o Goberno do PSOE está a negarlle unha e outra vez aos labregos e labregas de todo o Estado.

As axudas ofertadas por litro de gasóleo tocan só a 100 euros por explotación

O pasado 28 de outubro iniciouse unha nova rolda negociadora. Na mesa estaban sentados representantes de COAG, UPA, ASAJA e da Confederación de Cooperativas Agrarias de España (CCAIE).

As principais medidas ofrecidas polo Goberno consistían en 6 céntimos por litro de gasóleo ata un tope de 3.000 litros por agricultor entre setembro de 2004 e xuño de 2005; aumento da porcentaxe de desgravación no réxime de estimación obxectiva por módulos do IRPF, cun 35% para o gasóleo e un 15% para os fertilizantes; redución do 2% no rendemento neto no réxime de estimación obxectiva do IRPF; diminución de dous anos do

prazo de amortización da maquinaria agrícola; ou a activación do Plan Renove de Maquinaria Agrícola.

Foron moitas horas de debate, finalizando o encontro ao día seguinte e con COAG, co apoio do SLG, como única organización que non aceptou o plan do Goberno por consideralo insuficiente. COAG mantivo o seu rexeitamento en solitario, pois as outras organizacións valoraron de xeito positivo as medidas nun primeiro intre. Só despois, ASAJA tamén pasaría a oporse e UPA, vendo que quedaba soa, uniuse ao resto.

Nun exercicio de autismo político, o Ministerio de Agricultura non se deu por decatado deste rexeitamento

unánime, publicando un comunicado de prensa o 29 de outubro no que dicía, referíndose ás organizacións e cooperativas agrarias, que "non transmitiron ningunha resposta ao MAPA, con posterioridade ao último encontro, sobre as medidas presentadas".

COAG tiña moitos argumentos para xustificar a súa oposición a estas medidas. Por exemplo, para a axuda de 6 céntimos por litro para os primeiros 3.000 litros o Goberno pretende destinar 36 millóns no 2004 e outro tanto no 2005. Con estas cifras, se todos os labregos e labregas reclamasen a axuda, tocaría a 100 euros por explotación no 2004 e 100 euros por explotación no 2005, o cal non serviría de moito.

Aceptan os trocos nas primas de vacún demandados polo SLG

O Ministerio de Agricultura rebaixará de 90 a 60 o número de xatos subvencionábeis por explotación

O Sindicato Labrego Galego acolleu de xeito positivo o anuncio do Ministerio de Agricultura de reducir o límite do número de machos de vacún subvencionábeis por explotacións de 90 a 60 reses. Ademais, os

labregos e labregas que soliciten menos de trinta primas non serán penalizados no importe das axudas por mor da sobreproducción que se produza no Estado. Ambas son demandas históricas do Sindicato Labrego.

Deste xeito, lexislarase a favor das pequenas explotacións de tipo labrego e se lle quitarán privilexios aos cebadeiros industriais, causantes dun problema de sobreproducción por riba dos dereitos que ten o Estado Español que trae canda si penalizacións no importe da prima para vacúns machos que afectan a todos os produtores por igual.

Ambas medidas -redución a sesenta dos xatos subvencionábeis por explotación e non penalización das explotacións que soliciten menos de trinta primas- complementanse e cumpren cunha das demandas históricas do Sindicato Labrego Galego.

Neste senso, cómpre lembrar que foi o SLG a única organización agraria galega que defendeu na Mesa da Carne de Vacún, en Galiza, este tipo de accións a finais da década dos



A diminución do número de reses subvencionábeis por explotación favorecerá ás pequenas

noventa, debido a que os outros sindicatos tiñan demasiado interese en non prexudicar aos cebadeiros industriais.

Nembargantes, a pesar do

positivo da medida, dende o Sindicato Labrego Galego bótase de menos que o Goberno non fixese unha mención especial e específica ao tipo de explotación que se

vai beneficiar destas medidas. Para o Sindicato Labrego, é evidente que as beneficiarias deberían ser explotacións de tipo extensivo con reses lactantes.

A Comisión Europea quiere volver autorizar as fariñas de pescado

Un mozo de vinte anos foi hospitalizado en Dublín (Irlanda) en estado crítico cos síntomas da enfermidade de Creutzfeldt Jakob, a variante humana do mal das vacas tolas. Trátase do primeiro caso en Irlanda, e descartouse a posibilidade de que fose debido a unha transfusión de sangue contaminado.

En Irlanda xa houbera un caso hai varios anos, pero foi o dunha muller que viviu moito tempo en Inglaterra. Polo de agora, Gran Bretaña ocupa o primeiro posto en mortes por esta enfermidade, con 143 casos. Séguelle Francia, onde se identificou en outubro o oitavo caso en persoas.

Estes datos contrastan coa proposta da Comisión Europea, que quiere levantar a prohibición de utilizar fariñas de pescado na alimentación dos ruminantes, que non se poden empregar dende que se puxeron en marcha as medidas para atallar o mal das vacas tolas. Aínda que a cuestión se está a discutir, España xa está dentro do grupo de países favorábeis a adoptar esta medida.

Lidia Senra representou ao agro galego no Foro Social Europeo

A cidade inglesa de Londres foi a sede do Foro Social Europeo 2004, que se celebrou entre os días 15 e 17 de outubro. Neste evento, unha vez máis, os labregos e labregas de Galiza tiveron voz grazas ao SLG.

En efecto, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, participou como conferenciante en dous seminarios, ambos realizados o 16 de outubro: "A política agraria no teu prato" e "Os dereitos de acceso á terra e aos seus recursos en condicións de igualdade en Europa e no Sur". Ademais, Senra tamén acudiu aos encontros sobre soberanía ali-



mentaria e os aspectos internacionais da Política Agraria Común.

No primeiro dos plenarios, "A política agraria no teu prato", Lidia Senra puxo en común con outras organizacións agrarias e sociais as consecuencias que a Política Agraria Común (PAC) ten sobre a cidadanía. Neste senso, Senra denunciou a desaparición masiva de explotacións labregas, que son as máis capacitadas para ofrecer produtos alimenta-

rios de calidade.

Neste seminario, o caso da cidade de Londres foi posto como exemplo de a onde non se debe chegar. Na capital inglesa, o 80% dos habitantes non ten acceso a alimentos frescos. O motivo non é outro que a case total desaparición dos pequenos comercios, que foron desprazados polas grandes superficies comerciais. Este feito ten unha repercusión directa sobre as explotacións labregas, que ao non ter a quen vender vense obri-

gadas a pechar.

Lidia Senra confiou en que na Galiza non aconteza o mesmo, aínda que advertiu que ese fenómeno xa se está a dar nas cidades dormitorio do noso país. Dende ese punto de vista, a Secretaria Xeral do SLG avogou por "dar a batalla para que aquí non cheguemos a eses extremos".

No outro encontro, centrado ao redor dos dereitos de acceso á terra e aos seus recursos, Lidia Senra falou da situación da terra en Galiza e

en Europa, denunciando que o acceso a solo agrario é cada vez máis difícil polos altos prezos, e que se está a producir unha concentración cada vez maior do mesmo en menos mans.

No caso galego, culpou da situación a tres factores fundamentais: a falta de ordenación do territorio, o programa de forestación de terras agrarias, e a falta dunha política sobre a terra que permita o uso do solo agrario cando este queda sen uso e abandonado.

A Comisión Europea cede ante os intereses da multinacional Monsanto

Autorizou a comercialización do millo NK 603, co que xa son 17 os transxénicos permitidos na Unión

A Comisión Europea de Franz Fischler non quixo abandonar o poder sen tomar varias decisións polémicas con respecto aos transxénicos: a autorización a comercializar o millo NK 603 de Monsanto, e a inclusión de 17 variedades de millo derivadas do transxénico MON 810 no catálogo común de variedades agrícolas comunitarias. E fíxoo a pesares dos informes científicos negativos realizados en Francia. Para colmo de males, o futuro Comisario de Investigación, o esloveno Janez Potocnik, avoga por aprofundar na investigación dos OXMs.

O pasado 8 de setembro, a Comisión Europea aprobou o rexistro de 17 variedades derivadas do millo MON 810 no catálogo común de variedades de plantas agrícolas da Unión Europea. Este catálogo rexistra as especies permitidas en cada país membro dos 25, e as sementes rexistradas neste catálogo común poden comercializarse en toda a Unión Europea.

Para a nosa desgracia, esta decisión baseouse, entre outros argumentos, en que o millo MON 810 "leva cultivándose anos en España sen que se coñezan problemas", afirmou o Comisario de Sanidade, David Byrne. Destas variedades, seis viñeron do catálogo nacional de Francia, e as outras once do español.

De todos xeitos, a pesar do unilateral desta decisión, en Europa segue existindo unha fonda división neste tema. Por



A Comisión Europea estase a converter no coadeiro para os transxénicos nos países da Unión

exemplo, cando se reuniu, o pasado 20 de setembro, o Comité Permanente sobre a Liberación dos OXMs, non se acadou unha maioría cualificada nin a favor nin en contra da importación do millo manipulado 863, de Monsanto, con destino á ali-

mentación animal e humana. No caso deste millo MON 863, a Comisión Francesa de Enxeñería Biomolecular manifestou a súa alarma a finais do ano 2003 diante dos resultados dun estudo con ratas, que amosaron unha modificación nos riles e na

composición do sangue tras ser alimentadas con este organismo manipulado. Segundo Greenpeace, tamén as autoridades alemáns demostraron que os datos aportados por Monsanto para defender o seu millo "eran de mala calidade".

Millo que habera que traer de fóra ao estar prohibida o seu cultivo en Europa

A pesar de informes contrarios e da división reinante na Unión Europea, é a Comisión a que toma a decisión final e, polo que se ve, sempre o fai a favor das multinacionais da manipulación xenética.

Así, o pasado 26 de outubro a Comisión aprobaba a comercialización do millo transxénico NK 603 para a elaboración de alimentos humanos e animais. Esta concesión será válida por dez anos, dándose a particularidade de que ese millo non se poderá plantar no

territorio da Unión. Neste detalle pódese comprobar que a Comisión Europea vén de ceder, unha vez máis, ás presións dos Estados Unidos e da Organización Mundial do Comercio (OMC) para permitir o comercio de millo manipulado. Neste caso, trátase dun millo resistente ao glifosfato, un poderoso herbicida que se está a utilizar para deforestar amplas rexións en Sudamérica ao amparo do Plan Colombia. Gracias a este millo, os agricultores que o se-



BIBLIOTECA AUDIOVISUAL EUROPEA

Janez Potocnik, á esquerda, marcará a continuidade na Comisión Europea apostando fortemente polos transxénicos

menten poderán envelenar as súas leiras canto queiran con glifosfato mercado a Monsanto -comercializado baixo o nome de Roundup-, sen que se lles estrague a colleita.

Coma sempre, no Consello de Ministros non houbo maioría suficiente para esta aprobación -España abstívose-, polo que a decisión quedou en mans da Comisión.

A rexión lusa do Algarve en contra dos cultivos transxénicos

Polo demais, nos nosos dous países veciños, Portugal e Francia, sucedéronse as protestas contra as decisións da Comisión Europea.

No país galo, coincidindo co inicio do proceso a oito opositores aos transxénicos -entre eles o compañeiro Jose Bové, da Confédération Paysanne- por arrincar as plantas dunha leira experimental no Alto Garona, houbo unha manifestación ante a sede de Monsanto en Bron (Lyon) na que participaron varios deputados rexionais.

Por outra banda, en Portugal púxose en marcha a plataforma "Transxénicos: non no meu prato", que agrupa a oito asociacións portuguesas de agricultura ecolóxica e protección do medio ambiente. Entre outras cousas, pídenlle ao Goberno Portugués que prohiba a venda de sementes transxénicas e rexeite a súa inclusión no catálogo europeo. Neste senso, a plataforma lembroulle ao Executivo luso que os municipios do Algarve rexeitaron por unanimidade a introdución dos cultivos de plantas transxénicas en toda a rexión.

Finalmente, o futuro Comisario de Investigación, o esloveno Janez Potocnik, na súa comparecencia ante os deputados estimou que debe concederse prioridade á promoción das biotecnoloxías no programa europeo de investigación 2006-2010.

Labregas de todo o Estado reuníronse en Cantabria para debater a súa problemática

Unha comitiva de mulleres do Sindicato Labrego Galego representou a Galiza neste encontro de tres días

Unha representación de labregas do SLG participou de xeito moito activo -15, 16 e 17 de outubro- nas xornadas de mulleres de COAG, que este ano se celebraron en Torrelavega (Cantabria)

baixo o lema "Labregas cara á paridade". Algúns dos temas que se trataron nos obradoiros de traballo foron a análise das condicións nas que as mulleres acceden á actividade agro-

gandeira, a afiliación e participación nas organizacións agrarias, o recoñecemento profesional e social do labor das labregas, ou a conciliación da vida familiar, laboral e social.

Malia que as labregas presentes procedían de zonas xeográficas moi diversas -Aragón, Asturias, Cantabria, Euskadi, Castela, Andalucía, Galiza, etcétera- e tamén de sectores distintos -vacún de leite, de carne, viñado, gando ovino, porcino, producións horticolas, etcétera-, a cordialidade e a coincidencia nos temas de fondo eran practicamente totais.

De xeito reiterado apareceu o tema da falta de recoñecemento do papel das labregas: como traballadoras de actividades que xeran unha riqueza económica, como conservadoras do medio rural, gardadoras de sementes e garantes do mantemento de moitas especies de plantas e de animais, transmisoras de sabedoría sobre a produción e a elaboración de alimentos sans, con innumerábeis traballos para a



As mulleres do SLG levaron a voz das labregas galegas ao encontro estatal de Cantabria

comunidade, feitos case sempre de xeito gratuito e que resultan invisíbeis a ni-

vel social -coidado da infancia, persoas maiores.

A sobrecarga de traballo,

mesmo ás veces a costa da propia saúde, e a falta de recursos apropiados, apare-

cían unha vez e outra como o problema fundamental común a todas as presentes para lograr a participación paritaria nas organizacións e na sociedade.

Non se entende o desenvolvemento rural sen as mulleres labregas e, por este motivo, resulta imprescindible que as organizacións agrarias, a Administración e a sociedade en xeral, teñan presente o criterio de xénero nas súas actuacións e posibiliten a participación das mulleres en termos de igualdade.

Á parte da realización dos diferentes obradoiros, as labregas galegas tamén estiveron presentes a través dunha exposición feita con produtos das súas explotacións e unha mostra de fotografías e outros materiais sobre o papel das mulleres do agro.

Visitas culturais a vilas pasiegas e intercambio de sementes entre as participantes

Na tarde do sábado, todas as participantes no encontro realizaron unha visita guiada ás Vilas Pasiegas de Cantabria e, en concreto, ó museo etnográfico onde se recolle o xeito de vida dos pasiegos, unha comunidade gandeira que aínda hoxe segue a practicar a transhumancia e conserva peculiares xeitos de vida.

Outra das visitas que máis sorprendeu foi a realizada á Casa da Beata, nunha das Vilas Pasiegas, na que se expón unha mostra fotográfica sobre un gran número de mulleres desta zona que, en tempos, acudían ás cidades como amas de cría, nun momento tan terríbel que a miseria máis absoluta as obrigaba a darlle de mamar

ós fillos dos ricos, deixando ás súas nenas e nenos, algúns dos cales mesmo chegaban a morrer.

Outra das actividades realizadas nestes días foi un intercambio de sementes entre as mulleres participantes, actividade encamiñada a establecer redes para a conservación do noso patrimonio xenético e para frear a dependencia total respecto ás multinacionais. Á parte das xornadas de convivencia, levouse adiante un importante traballo de análise da situación e de elaboración de propostas que, de seguido, se tentará traballar nas propias organizacións agrarias para conseguir esa paridade desexada e necesaria.



Sementes galegas para compartir con labregas de todos os currunchos da Península

O SLG estreita a súa relación coas labregas de Guatemala

Isabel Vilalba acudiu ao encontro celebrado en Madrid coa compañeira guatemalteca Eulalia Silvestre

O pasado 20 de outubro, a responsable da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, participou nun Encontro en Madrid con Eulalia Silvestre Hernández, representante das asociacións

Mama Maquín, Madre Tierra e Ixmucané, que aglutinan a 2.000 mulleres labregas de Guatemala. A xuntanza serviu para demostrar que os problemas das mulleres labregas poden ser moi semellantes a pesares da distancia.

Ao encontro asistiron, entre outras, Inmaculada Landauro representante da área de muller de Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), Ángeles Ramón da Unión de Zaragoza ou Virginia López da Unión de Sevilla.

Eulalia Silvestre pertence a unha comunidade de labregos de Guatemala que, por mor da guerra, tivo que exiliarse en México, sen poder regresar ó seu país ata o ano 1993. Cando regresaron, comezouse un proceso de negociación co goberno de Guatemala para que os labregos e labregas puidesen conseguir terra onde cultivar, "negociar o fondo revolvente".

Durante ese proceso de negociación, as mulleres



Isabel Vilalba, á esquerda, acudiu a Madrid para participar no encontro coa compañeira guatemalteca Eulalia Silvestre

ocupáronse fundamentalmente de buscar solucións a problemas tan graves como a desnutrición infantil que

estaba a sufrir o seu pobo ou a falta de vivenda. Os compañeiros, organizados en cooperativas, xestionaron co

gobierno o reparto da terra, que foi finalmente distribuída entre os homes cooperativistas, deixando sen ningún dereito ás labregas. As mulleres só eran necesarias para asinar os créditos que permitisen iniciar a actividade agrícola, pero sen ningún dereito. Actualmente, cando hai unha separación, ou mesmo cando falece o marido, moitas mulleres quedan na máis absoluta miseria.

A reivindicación pola copropiedade da terra, que ten varios paralelismos cunha reivindicación básica da Secretaría da Muller do SLG como é o recoñecemento da muller e do home como cotitulares das explotacións agrarias en pé de igualdade, é un dos traballos fundamentais destas organizacións, mais non o único.

A soberanía alimentaria de antídoto contra o liberalismo

As labregas de Guatemala tamén están preocupadas pola espoliación de recursos, como a terra, que está sufrindo o seu país a mans de grandes empresas; pola necesidade dun desenvolvemento rural integral e o fortalecemento das organizacións comunitarias; por como superar unha situación de precariedade absoluta e de falta de calquera tipo protección social ou do recoñecemento de dereitos básicos, como o dereito á Sanidade ou á Educación.

Detrás de todas estas problemáticas, hai unha forte aposta dos gobernos pola introdución de modelos neoliberais que, segundo Eulalia Silvestre, só poderemos coñecer na súa dimensión real e só teremos capacidade para combatelos e conseguir outros modelos que garantan a soberanía alimentaria dos pobos e o recoñecemento de dereitos básicos dos labregos e labregas, e da cidadanía en xeral, a través de alianzas entre organizacións como as nosas.

Agroecoloxía

Arzúa será en decembro sede do festival ecolóxico TERR@CTIVA

Arzúa será a sede do festival Terr@ctiva do ano 2004, que se desenvolverá do 4 ao 5 de decembro no recinto feiral desta localidade. Entre os organizadores e patrocinadores do evento atópanse, amais do Concello arzuano, a Deputación da Coruña, e a Coper@ctiva.

Terr@ctiva é un festival ecolóxico con múltiples actividades educativas, lúdicas, festivas, teatrais, etcétera, no que unha parte esencial é a feira de produtos ecolóxicos, Feir@ctiva, na que haberá expositores de agricultura, comercio e

establecementos deste sector, bioconstrución, mencións alternativas e terapias naturais, ecoturismo, ocio ecolóxico, etcétera.

Trátase, xa que logo, dunha boa oportunidade para os afiliados e afiliadas do SLG que traballan no sector da agroecoloxía, pois terán en Terr@ctiva un bo escaparate para amosar os seus produtos; ou simplemente para asistir coma curiosos e pasar unha boa fin de semana. Na sección Eira desete Fouce atópanse as bases para poder participar como expositores neste evento.



Narón acolleu, no ano 2002, a primeira edición deste evento que agora virá a terras arzuanas

TERR@CTIVA

■ **ACTIVIDADE:** FEIRA DE ARTE-SANÍA , PRODUCTOS ECOLÓXICOS , TERAPIAS ALTERNATIVAS e COLECTIVOS SOCIAIS

■ **DATAS:** 4-5 de decembro de 2004

■ **ESPAZO:** Recinto Feiral de Arzua (A Coruña)

■ **INFORMACIÓN XERAL:**

Terr@ctiva será un festival ecolóxico con múltiples actividades educativas, lúdicas, festivas, teatrais, etc. no que unha parte primordial será a Feira Ecolóxica "Feir@ctiva". Nesta feira pretendemos que haxa expositores de todo tipo dentro destas categorías e moitas outras: agricultura, produtores e produtos ecolóxicos, comercio e establecementos ecolóxicos, bioconstrución, menciñas alternativas e terapias naturais, ecoturismo, ocio ecolóxico, etc.

■ **CONDICIONS ESPECIFICAS:**

Dita participación consistirá na posibilidade de exposición e comercialización de produtos ecolóxicos, biolóxicos, de artesanía, terapias alternativas ou produtos aceptados pola organización da MOSTRA.

Aqueles entidades que ademais de poñer un stand poidan ofrecer algún tipo de actividade (degustacións, obradoiros, charlas, etc.) terán moi boa acollida e deberán informar no momento de confirmar a participación á Organización de dito Festival, así como indicar as necesidades técnicas que poida precisar: potencia de corrente, son ambiente....

A Organización encargarse do servizo de vixilancia e Seguridade no Recinto da Feira, e non se fara responsable de calquer dano, desaparición ou roubo no material ex-

posto sendo de total responsabilidade do Expositor os danos sufridos nas instalacións e mercadorías expostas.

Ademais o Expositor será responsable de todos os danos ocasionados aos Stans, alugados pola Organización da MOSTRA, stans de 3 x 2 metros. Cada un dos stands irá rotulado co nome do expositor (que deberá notificar con anterioridade) e non contarán con ningún tipo de mobiliario (sillas, mesas, estanterías).

O Expositor terá que abonar a cantidade de 50 euros como reserva do stan, cantidade que será devolta tras garantir a súa asistencia, unha vez iniciada a Feira. Dita fianza terá que ser ingresada no seguinte número de conta bancaria "Caixa Nova": 2080-0480-13-0040111416 (indicar nome da persoa / entidade que fai o ingreso e enviar copia da transferencia ao seguinte número de fax.981 575 699).

A renuncia do expositor á súa participación é motivo de perda da cantidade adiantada agás que este espazo sexa cuberto por outro expositor.

Os horarios aproximados marcados pola Organización para a Feira serán os seguintes: de 11.00 a 14.30 e de 17.30 a 21.30.

O Expositor terá que respetar ditos horarios, podendo a organización, en caso contrario, tomar accións contra ditos expositores.

■ **DATA LIMITE CONFIRMACIÓN de PARTICIPACIÓN:**

Será o 22 de Novembro de 2004. Aqueles expositores que non confirmen antes desa data non aparecerán na Publicidade que Edite o FESTIVAL e non se poderá garantir a Rotulación do seu posto dentro da feira.

■ **MONTAXE-DESMONTAXE:**

Os expositores terán que realizar a montaxe o día 3 de decembro de 2004. de 17.00 a 21.00.

A desmontaxe farase o día 5 de decembro de 22.00 a 23.30 e o día 6 de 10.00 a 15.00.

■ **FOLLA DE COMPROMISO:**

Para participar na Feir@ctiva deberá remitir o documento de compromiso facilitado pola propia organización. Confirmada a participación a organización remitirá a cada expositor un documento de compromiso que deberá ser cumprimentado pola entidade coa maior brevidade posible.

A participación estará garantida no momento no que recibamos esa folla de compromiso e se faga o previo pago da fianza correspondente.

■ **COMO SER COLABORADORA DO FESTIVAL:**

Para un desenvolvemento máis satisfactorio deste proxecto, desexamos convidarvos a formar parte deste grande equipo de persoas e entidades que apoian o festival, colaborando connosco.

O expositor que solicite ser colaborador do Festival optará á inserción dun anuncio publicitario sobre a súa entidade en algún dos formatos que edite o Festival: Especiais en medios de comunicación (ou cuñas radiofónicas) ou catálogo do Festival. A proposta concreta de colaboración é a seguinte:

-Inserción de 10 módulos: 60 € / de 20 módulos:150€ / de media páxina: 300 €

■ **CONTACTO:** Coperactiva Cultural Telef. 981.58.28.36. Preguntar por Rosa Gómez Reino.

Axudas para paliar os danos do lobo sobre o gando

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando.

O gando deberá estar debidamente identificado. En caso de ataque, cómpre dar parte a Medio Ambiente nun prazo de 24 horas no teléfono 906 186 186.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da produción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Se está afiliado ao Sindicato Labrego Galego e desexa máis información pode consultar na súa oficina sindical máis achegada.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Seminario Europeo

A política leiteira da Unión Europea: ¿É valido o novo sistema de axudas para promover o desenvolvemento rural na Europa dos 25 e para avanzar no contexto de negociación a nivel mundial?

Santiago de Compostela; 26, 27 e 28 de novembro de 2004

Venres, 26 de novembro de 2004

De 8.30 a 13.00 horas: Visita a varias explotacións de leite da comarca.

13.30 horas: Comida.

15.00 horas: Presentación do seminario e participantes.

15.30 horas: Acto de inauguración a cargo do Conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes, e a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra.

15.45 horas: As axudas descoñecidas no sector lácteo: ¿Factor de desenvolvemento rural na Europa dos 25? Coa participación de representantes da Comisión Europea, da Consellería de Política Agroalimentaria, da CPE e dunha organización labrega de Hungría.

16.00 horas: Debate.

16.30 horas: Café e descanso.

16.45 horas: Mesa redonda: "A política leiteira europea no contexto internacional". Coa participación de representantes da Comisión Europea, da CPE, e de organizacións labregas de Estados Unidos e India.

17.45 horas: Debate.

18.45 horas: Fin da primeira xornada.

12.00 horas: O desacoplamento das axudas en 2008: análise dos impactos nas rendas, no medio ambiente e no desenvolvemento rural. Intervención das organizacións participantes.

13.00 horas: Debate.

13.30 horas: Comida.

15.30 horas: Papel das políticas leiteiras nas negociacións da OMC. Conferenciantes: representantes de organizacións labregas da India, Estados Unidos e CPE.

17.00 horas: Descanso.

17.30 horas: ¿Teñen futuro as axudas descoñecidas no marco das negociacións da OMC? Breves exposicións das organizacións e debate xeral.

18.45 horas: Fin da segunda xornada.

Domingo, 28 de novembro de 2004

9.30 horas: Traballo en grupos para a elaboración de conclusións do seminario.

11.30 horas: Elaboración das conclusións.

13.30 horas: Fin do seminario e xantar.

Apoio financeiro de:

Organiza:



Coordinadora
Galega de ONGs
para o
Desenvolvemento

Sábado, 27 de novembro de 2004

9.30 horas: Aplicación da política leiteira nos distintos países da UE. Intervención das organizacións participantes.

10.30 horas: Intercambio e preguntas.

11.30 horas: Descanso

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

herba seca en rolos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

picadora KROHNE e segadora CAMON, seminovos.
Preguntar por Carlos no teléfono 981 164 443

Véndese

ensiladora de un rego con dúas campañas de traballo.
Sementadora de herba, marca FIONA, en bo estado.
Chamar ao 659 659 418

Véndese

cuba de zurro de 2.500 litros.
Chamar ao 677 461 844

Véndese

desensiladora con repartidor, en bo estado. Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 177 454

Véndese

becerras "limusinas" en Vilalba.
Chamar ao 609 864 738

Véndese

tractor FIAT 90.90 con dobre tracción.
Preguntar por Xosé Lois no teléfono 626 315 059

Véndese

viño do país e augardente na zona de Portomarín.
Chamar ao 982 157 768

Véndese

tanque de frío de 2.000 litros, marca ALFA LAVAL, con lavado automático.
Chamar ao 666 731 064

Véndese

rolos de silo e herba seca en Cospeito.
Chamar ao 982 177 004

Véndese

ensiladora 695 CLASS Mega. Cabezal KEMPER. Dobre tracción.
Preguntar por Atilano no teléfono 619 301 049

Véndese

semental de raza cachena de catro anos, en Boimorto.
Preguntar por Henrique no teléfono 620 295 920

Véndese

poldro de raza hispano árabe.
Chamar ao 982 502 165

Véndese

coche silla para xemelgos; en bo estado, seminovo.
Chamar ao 636 506 716

Véndese

cangos e vigas de madeira, en Abadín (Lugo).
Chamar ao 982 178 363, ou ao 616 060 146

Véndese

máquinas de limpar trigo e centeo
Un muíño de tractor
Un muíño eléctrico.
Chamar ao 982 175 132. Preguntar por Manuel

Véndese

invernadoiro de 350 metros cadrados e dous túneles. Está montado. A Estrada (Pontevedra)
Chamar ao 626 947 266

Véndese

herba seca de boa calidade (A Pastoriza - Lugo).
Chamar ao 982 164 477

Véndese

carro de dous eixes de 750 quilos, 2'6x1'6 metros en fibra de vidro.
Chamar ao 616 436 039

Véndese

rotativa de 1'70 metros de corte.
Chamar ao 981 694 024, ou ao 618 283 320

Véndese

herba seca en rolos ou pacas.
Chamar ao 981 691 614; preguntar por Xosé.

Véndese

picadora John Deere S 820 con 2 cabezas para herba e millo.
Preguntar por Luís no teléfono 608 587 801

Véndese

tanque refrixerador de leite de 2.800 litros, 2 muxidos, frío instantáneo e lavado automático.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

tractor EBRO 160 con remolque, ganchos, arados e fresadora.
Chamar ao 982 440 618 ou ao 607 640 311

Véndese

xovencas de leite na zona de Pastoriza, por peche de explotación.
Chamar ao 608 879 938

COMPRAS

Mércase

encintadora de rolos.
Chamar ao 665 982 881.
Preguntar por Xosé Lois.

OUTROS

Alúgase

cebadeiro de 150 metros cadrados (28x5) en Touro. Con ou sen traballo. Adaptado a porcino ou bovino.
Chamar ao 616 749 896

Leite ecolóxico

Se estás interesad@ en producir leite ecolóxico, contacta comigo.
Chamar ao 639 512 823



Luísa Mayo, produtora de pataca e trigo e membro da Comisión Executiva do SLG

A pesares de ser filla de labregos, Luísa Mayo vive da terra dende hai poucos anos. Emigrante en Suíza ata finais dos noventa, decidiu regresar co seu marido para traballar as leiras coa visión idealizada do noso país que a Xunta vendía no exterior. Así, investiron todos os aforros para poder sacarlle o froito a máis de corenta hectáreas na Vilaseca de Trasmiras, na Limia Alta, con trigo e pataca. A inexistencia do regadío, os prezos de miseria ou as dificultades para comercializar, descubrironlle a Luísa que a Galiza rural non é tan cor de rosa como a Xunta a quere pintar.

“Págannos a pataca a 10 pesetas, cando se vendía polo triplo hai trinta anos”

■ **¿Qué tal foi a colleita este ano?**

Ben, pois tivemos moi bo tempo para collelas e unha boa produción. O malo é que están vindo patacas doutras zonas de España, e mesmo de Francia, e non valen as nosas. Nós temos os almacéns cheos e non temos a quen venderllas. Daquela, pouco importa que tiveramos unha boa produción. O ano pasado, por esta época, xa tiñamos colocada boa parte das patacas. Antes, mesmo vendiamos moitas a Portugal, pero este ano nin iso.

■ **Daquela, amais dos baixos prezos, teñen un problema gordo coa comercialización.**

Hoxe, si. Todos estamos do mesmo xeito: aínda que queiramos vender non hai quen saque as patacas. Aquí estábanse mandando moitas para Portugal, pero en varias ocasións tivemos problemas para cobrar. Nós, en concreto, temos un cliente que nos quedou a deber un millón de pesetas hai dous anos, e aínda estamos agardando por el.

■ **¿Alomenos melloraron os prezos?**

Este ano estánnoas a pagar entre as 10 e 12 pesetas por quilo. Un dato curioso se temos en conta que, cando eu era nena, haberá máis de trinta anos, a meu pai pagábanlle as patacas a 25 e 30 pesetas por quilo, e estamos a falar das pesetas de hai tres décadas.

Tamén temos unha mínima parte da produción vendida por contratos con almacenistas. Sen embargo, a día de hoxe, nin sequera nos levaron esa mínima parte. No noso caso, temos un contrato que nos paga a 16 pesetas o quilo, e outro a 18. Non é moito, pero é unha maneira de poder asegurar algo.

De todos xeitos, en comparación con outros anos, non son malos prezos. O ano pasado pagáronas tamén ben. O que pasa que



Luísa ten boa parte da produción de pataca deste ano almacenada por falta de compradores

os labregos e labregas non queremos que un ano nos valla moito e outro teñan o prezo tirado polo chan. A nós interésanos que se manteña un prezo estábel que,

aínda que non sexa moi alto, nos resulte rentábel traballar. Non nos interesa que un ano nos dean 40 e 50 pesetas por quilo, e que para outro teñamos que tirar con elas.

■ **¿Cal sería a solución a todos estes problemas?**

Dende o SLG pedimos que se fagan contratos homologados, para garantir ese prezo mínimo; e que se cree un

fondo de compensación, para poder defender as nosas rendas nos anos que as patacas non valla nada.

■ **Pero entón, ¿a Xunta non fixo nada aínda despois da crise e do conflito que se viviu na Limia hai dous anos?**

De todo o que pedimos, non nos concederon nada. Co Conselleiro que había antes, Diz Guedes, non se podía nin falar, que non nos atendía. A ver se o novo fai algo por nós. Aquí na Limia todo vira en torno á pataca. Se a pataca vai ben, van ben os restaurantes, os comercios, todo; se a pataca vai mal, a Limia vai mal. Tal como estamos hoxe, ¿que futuro temos para os nosos fillos? Aquí, na zona da Limia, se non temos o agro, pode que haxa algo de traballo na construción, pero pouco máis, pois non hai industria. Daquela, o futuro pinta cos nosos fillos emigrando para as cidades e toda esta bisbarra sen xente nova. A Limia vive toda enteira en torno á pataca.

“O sector da pataca segue totalmente indefenso ante posíbeis crises”

■ **Ao problema dos prezos e da comercialización habería que engadir o dos custes de produción, que para a pataca deben ser moitos.**

A semente mércase moi cara. Depende do calibre, pero se imos a un tamaño pequeno, que permite semear máis, pode andar en torno ás 180 pesetas por quilo. Os abonos pagámonos caros, o fitosanitarios cada vez valen máis, por riba sóbennos agora o gasóleo, e as patacas cada vez valen menos e non hai quen as queira.

E a parte destes custes, para poder traballar na pataca cómpre facer grandes investimentos, un mínimo de trinta millóns de pesetas en maquinaria por explotación, dependendo a cantidade de terras que se traballen. Aínda que nos subvencionan algo, os cartos hai que devolvelos, e se a pataca non se paga, non podemos devolver os préstamos.

■ **¿Cumpriu a Administración algunha das promesas de hai dous anos?**

Da famosa fábrica de patacas, nada. E do regadío, creo que iniciaron algunha obra pola zona da Lagoa da Antela, pero por aquí xa nos dixeron que, se cadra, nos toca algo na terceira ou na cuarta fase, cando aínda non deron rematado a primeira.

■ **Entón, ¿están preparados para afrontar unha nova crise ou seguen indefensos?**

Indefensos de todo, non se fixo nada. Tentouse negociar co tema de axudas á semente coa Deputación, pero xa nos dixeron que non nos ían dar máis. Nós propuxemos que nos desen axudas para que o Instituto do Campo produza para nós semente nova, pois non é só unha cuestión de cartos, xa que a semente que vén de fóra, a parte de ser cara, adoita a traer virose.

Hai anos que temos mellor produción coa semente que preparamos nós na casa que coa foránea.

■ **Vostede estivo na carga policial contra a última tractorada ¿Pensa que foi xusta a absolución dos policías?**

Non, non foi xusta. A xente viña cara a Ourense a dialogar para buscar unha saída ao conflito, paráronnos os tractores e, cando a xente quixo baixar camiñando pola beiravía de xeito pacífico, comezaron a cargar. Non viñamos buscando conflito, e xa fixéramos público que iamos concentrar os tractores na zona de Velle para despois negociar e ver que solución se lle daba ao problema. Aquelo para nós foi unha sorpresa. E, por riba, houbo un xuízo contra o Puga no que non lle admitiron as probas nin as testemuñas, cando tiñamos gravacións de vídeo onde se vía todo.